

Voluntariado Dixital: APOIO NA PROCURA DE EMPREGO

Xornada “ NOVOS PERFÍS PROFESIONAIS NA ERA DIXITAL ”

Data: 5 de decembro de 2013

Lugar: **Salón 103** do Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia, **CIDADE DA CULTURA**.

Ou por videoconferencia desde as seguintes aulas CeMIT: Vigo, Vilagarcía, Barreiros, Celanova, Lalín, Cerceda, Tui, Monforte de Lemos e Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés.

OBXECTIVOS

- Mostrar aos asistentes perfís de nova creación que atenderán a futuras necesidades das empresas.
- Habilitar un foro de mozos e mozas galegos, exemplos de emprendemento, que traballan no que máis lles apaixona, o mundo dixital.

DIRIXIDO A

Voluntarios Dixitais, Entidades de Acción Social, moz@s, desempregados, orientadores laborais e calquera persoa con talento entusiasta de Internet e o 2.0

ESTRUTURA DA XORNADA

9:30	Conferencia Juan Merodio “NOVOS PERFÍS PROFESIONAIS NA ERA DIXITAL”
11:00	Descanso
11:30	“MARKETING E COMUNICACIÓN DIXITAL”
12:30	“PROGRAMACIÓN”
13:30	“DESEÑO VIRTUAL, ARTE E CREATIVIDADE”
14:30	Fin da sesión

CONFERENCIA “NOVOS PERFÍS PROFESIONAIS NA ERA DIXITAL”

JUAN MERODIO



Nado en 1980, é un dos principais expertos en España en Marketing Dixital e Redes Sociais. Relator habitual en Congresos de recoñecido prestixio internacional así como profesor das mellores Escolas de Negocio e Universidades.

www.JuanMerodio.com


O SEU TRABALLO

- Fundador do “**Grupo Ellas**”, empresa enfocada á creación de webs dedicadas á muller
- Socio-fundador de “**Marketing Surfers**”, a Axencia de Marketing 2.0.
- Socio e director de Marketing de “**InvierteME**”, a rede de Emprendedores e Investidores
- Fundador de **Emprende Finance**, onde axudan a emprendedores a conseguir financiamento para os seus proxectos.

PREMIOS E RECOÑECEMENTOS

- “Mellor Idea do Ano 2006” de Actualidade Económica
- “Mozos Emprendedores Sociais” da Universidade Europea de Madrid
- “Social Media 2013” de OndaCRO
- “Mellor ponente 2013 Social Media” de #seothebeach.

<p>Contidos dixitais: INBOUND MARKETING</p>	<p>Xogos: DESENVOLVEDOR DE VIDEOXOGOS</p>	<p>Deseño: DIGITAL ART / WEB DESIGNER</p>
<p>Redes sociais: COMMUNITY MANAGER</p>	<p>Móbiles: DESENVOLVEDOR PARA TECNOLOXÍAS MÓBILES</p>	<p>Web: WEB ANALYST/USABILIDADE</p>
<p>Blogs: PROFESSIONAL BLOGGER</p>	<p>Móbiles: DESENVOLVEDOR PARA TECNOLOXÍAS MÓBILES</p>	<p>Animación: DESENVOLVEDOR ANIMACIÓN/3D</p>



GALEG@S NAS NOVAS PROFESÍONS DIXITAIS

MARKETING E COMUNICACIÓN DIXITAL

Contidos dixitais: INBOUND MARKETING



JOSÉ ALCAÑIZ: Xerente da Central de Reservas de Hoteles **Buscadedestinos.com**, proxecto no que puido participar desde a súa xestación en 2006, que lle permitiu coñecer máis profundamente os factores de éxito dun proxecto en Internet.

Redes sociais: COMMUNITY MANAGER



OSCAR REBOIRAS: Xornalista e xestor de redes sociais no operador R. En xuño de 2005, R decidiu preguntarlle directamente aos seus clientes que opinión tiñan sobre os proxectos que estaban desenvolvendo. Nació o seu blog, **quecheparece.com**, e visto o seu éxito, abriron o blog a Facebook e Twitter.

Blogs: PROFESSIONAL BLOGGER



DAVID SERANTES: Bloguero en **Serantes & Cía**, un dos blogs da edición dixital do xornal La Voz de Galicia. É un apaixonado da tecnoloxía e todo o que leve electrónica no seu interior. Gústalle cacharrear ao máximo e proba todos os teléfonos que están ao seu alcance.

PROGRAMACIÓN

Xogos: DESENVOLVEDOR DE VIDEOXOGOS



SERGIO PRIETO: É un dos fundadores de **GATO SALVAJE ESTUDIO**, empresa de produción de videoxogos episódicos.

Móbiles: DESENVOLVEDOR PARA TECNOLOXÍAS MÓBILES



XURXO MÉNDEZ: CEO en **SmartGalApps**. Xurxo e os seus compañeiros, Sabela Barreiro e Juan Porta, son desenvolvedores e deseñadores de ampla experiencia nas tecnoloxías móbiles, que dende un xogo de búsqueda do tesouro, acabaron creando unha guía de furanchos e tabernas, un radar de choiva, unha app que funciona como radar de choiva, ... aplicacións útiles, robustas e usables.

Móbiles: DESENVOLVEDOR PARA TECNOLOXÍAS MÓBILES



ALBERTO RUIBAL: Cofundador dunha empresa especializada en aplicacións móbiles e HTML5, **MOBIALIA**, traballando en aplicacións coma Mobialia Chess, Slot Racing e Gasolineiras España. Participou na organización do Grupo de Desenvolvedores de Google de Vigo, dun Startup Weekend Galicia e colabora en Iniciador Galicia.

DESEÑO VIRTUAL, ARTE E CREATIVIDADE

Deseño: DIGITAL ART / WEB DESIGNER



DANIEL DE CASTRO: Director de Arte desde hai dous anos en **DeCastro-Designers**. Colaboración con Creatividade Galega e Universidade de Vigo. Experiencia no Sector Editorial, Branding, Moda. Laus Bronze 2013.

Web: WEB ANALYST/USABILIDADE



PABLO LÓPEZ: Experto en accesibilidade e usabilidade web e xerente de Hacce Soluciones TIC, proxecto que nace en 2004 en Vigo e actualmente conta cun equipo de traballo formado por 8 persoas. Adicados a creación de [webs](#) principalmente: ecommerce, webs de presenza, landing pages para campañas; deseño de interfaz para móbil e web; e servizos avanzados de [análítica web](#) e usabilidade.

Animación: DESENVOLVEDOR ANIMACIÓN/3D



ALEXANDRE SANTORIO: Director de Arte especializado en Motiongraphics, actualmente socio de Duplo Studio. A súa área actual de responsabilidade é o deseño gráfico, a dirección de arte e a creatividade.

CONTAREMOS CO SERVIZO DE REPORTUITEO DUNHA XORNALISTA 2.0

Xornalismo: XORNALISMO DIXITAL



LAURA CAMINO: Traballou unha década como xornalista, e unha vez despedida da empresa, chegoulle a hora da reciclaxe forzada. Afortunadamente, nese camiño por orientarse e, en certa maneira, coñecerse a sí mesma, atópase con grandes persoas e uniu as súas destrezas vocacionais e profesionais (escritora e xornalista) coa súa paixón tecnolóxica, desenvolvemento como bloguera e experiencia na vida 2.0 para orientar o seu perfil cara a comunicación e xestión de redes sociais. [lauracamino.es](#)